



Infórmate a Fondo

NÚMERO **148** 4º TRIMESTRE 2017

Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa

www.fondogalego.org



**Pozos que evitan
mortes polos ataques
dos crocodilos**

7

Tres novos proxectos
no Sur con ONGD galegas

2

O reporteiro Adrián Irago
retrata Mozambique

4

FONDO DE ARMARIO

5

Reflexión sobre
as fronteiras en
dez concellos

6

Éxito de "Contamos
todas" arredor do 25N

6

ACTUALIDADE DO FONDO

Novos proxectos con ONGD en Guinea-Bissau e Centroamérica

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade **cofinanciará cun total de 136.603 euros tres proxectos de ONGD** galegas en Guinea-Bissau, Guatemala e Honduras. A Asemblea Xeral da asociación de concellos e deputacións vén de resolver a convocatoria de subvencións, á que se presentaron 17 propostas de 16 entidades. A xuntanza contou tamén coa presenza dunha representante do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (Acnur), que presentou os resultados da axuda de emerxencia destinada a solicitantes de asilo na ruta dos Balcáns.

Karmele Sáez explicou como o Fondo Galego contribuíu a combater a vaga de frío siberiano que o pasado inverno afectou

ás refuxiadas e refuxiados. **“Todas as persoas refuxiadas coas que puiden falar queren volver ao seu país”**, incidiu a responsable técnica do Departamento de Proxectos de Acnur ao tempo que amosaba varios testemuños reais, e tamén denunciou que **“os estados europeos non están cumprindo os seus compromisos”**.

Outra das accións de emerxencia financiadas no presente exercicio foi a **adquisición de alimentos para a poboación refuxiada saharauí** nos campamentos de Tinduf, á que o Fondo Galego dedicou 6.000 euros. Esta axuda humanitaria foi canalizada a través da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) e da Media Lúa Vermella.

En canto ás accións subvencionadas ás ONGD galegas, apoiárase con 49.861 euros unha proposta de **InteRed** para implementar un **programa de formación integral en sexualidade** para profesorado, alumnado e familias vinculadas a catro escolas públicas do municipio guatemalteco de Chignautla. A iniciativa incluírá tanto educación sexual e sobre dereitos



Karmele Sáez, responsable de proxectos de Acnur, explicou a intervención coas persoas refuxiadas en Serbia.

reprodutivos como coñecementos para a identificación de violencias, especialmente de xénero, e das canles que as e os docentes deben seguir para a súa denuncia. Traballábase asemade co Concello e con organizacións da sociedade civil para crear unha oficina municipal de mocidade que promova o liderado xuvenil para a defensa dos seus dereitos.

Doutra banda, **Asemblea de Cooperación pola Paz** obtivo 50.000 euros para **mellorar o acceso á auga** e reforzar as boas prácticas hixiénicas na localidade de Carantaba, en Guinea-Bissau, a fin de paliar os problemas de saúde que sofre a poboación. Para conseguirlo, rehabilitárase un pozo no que se colocará unha bomba con paneis solares, amais de instalar catro fontes na vila e senllas tomas de auga na escola e na residencia do profesorado. Ao tempo, levárase a cabo unha campaña de concienciación sobre o uso da auga e prácticas de hixiene, así como a elaboración dun plan para o recurso hídrico no que participe a comunidade.

Ao mesmo eido corresponde o proxecto cofinanciado a **Enxerñería sen Fronteiras** con 36.742 euros, a través do cal **se fortalecerá aos equipos técnicos** dos sete concellos que forman parte da mancomunidade Nasmar, en Honduras. O obxectivo é que, ao remate, poidan levar a cabo proxectos de abastecemento de auga en comunidades rurais, integrando entre outros enfoques de participación cidadá. Formáronse en cálculo para o deseño de tubaxes, manexo de programas informáticos ou procesos de calidade para unha xestión pública transparente.

No transcurso da Asemblea informouse asemade sobre os proxectos de cooperación para o desenvolvemento executados en 2017. En Mozambique púxose en marcha canda a Fundação Encontro unha intervención co **deporte como ferramenta para previr doenzas** e adiccións na mocidade. Tamén se está a traballar co municipio de Nhamayábue para **garantir o acceso á auga abrindo catro pozos** para que a poboación non

teña que percorrer o río a causa da seca, evitando así os ataques dos crocodilos e hipopótamos, que xa provocaron varias mortes.

Polo demais, na xuntanza expúxose o informe de situación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e ratificáronse as **altas**

e baixas do último ano, no que a entidade emprendeu un plan de captación de socios con motivo do seu vixésimo aniversario. Despediuse así ao Concello de **Fornelos de Montes** e déuselle oficialmente a benvinda a **Monfero, Alfoz, A Pastoriza, Miño** e á **Deputación de Pontevedra**.



A Asemblea aprobou oficialmente a incorporación de Monfero, Alfoz, A Pastoriza, Miño e da Deputación de Pontevedra.

O fotoxornalista Adrián Irago retrata Mozambique

O fotógrafo Adrián Irago pasou vinte días en Mozambique retratando **a vida no país e os proxectos** alí apoiados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, co fin de preparar unha exposición que logo xirará por municipios de toda Galicia para dar a coñecer esta realidade. A viaxe forma parte do premio da terceira edición de Imaxes con Fondo, certame que o reporteiro vigués gañou en 2016.

Adrián Irago visitou algunhas das iniciativas de loita contra a pobreza cofinanciadas desde o ano 2001 en materia de educación, saúde ou abastecemento de auga. O Fondo Galego impulsou ata o momento **unha decena de proxectos no país lusófono, que supuxeron preto de 300.000 euros** de investimento e que na súa maioría se

levaron a cabo coa Casa do Gaiato e a súa “irmá” a Fundação Encontro como parceiros locais, pero tamén coa colaboración de ONGD galegas ou do Programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento (PNUD).

O fotoxornalista retratou os proxectos que se están a desenvolver na actualidade e mais outros anteriores, coma o realizado

con Ecos do Sur para reparar un centro educativo na contorna de Maputo ou o impulsado canda Arquitectura sen Fronteiras para mellorar as condicións sanitarias na provincia de Inhambane. O seu obxectivo recolleu ademais a **actividade pesqueira, aspectos culturais, espazos naturais**, etc.

Adrián Irago, que traballou en medios locais durante varios anos,

conta na súa andaina con galardóns coma o Premio Nacional de Fotoperiodismo da Asociación Nacional de Informadores Gráficos de Prensa y Televisión. Entre os seus traballos destaca a cobertura dos desafiuzamentos en Madrid de 2012, os incendios en Galicia de 2013 e a ruta das persoas refuxiadas en 2015, que o levou a percorrer Grecia, Macedonia, Serbia, Alemaña e Francia.



O reporteiro Adrián Irago pasou os primeiros días en Mozambique coñecendo a Fundação Encontro.



FONDO DE ARMARIO



O Fondo Galego abstense na votación do Plan autonómico

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento aprobou o Plan Anual da Cooperación Galega 2018, coa abstención do Fondo Galego como asociación plural e transpartidaria que ademais reclama un maior apoio económico por parte da administración autonómica. A xuntanza deste órgano asesor e de coordinación, integrado polos axentes do sector, é a primeira que se celebra tras a aprobación do novo Decreto de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia, que **incrementou o peso da asociación de concellos e deputacións** dentro do Congacode, ao pasar de 1 a 2 representantes, os mesmos que a Fegamp. En canto ao Plan presentado polo Goberno autonómico para 2018, conta cun orzamento de 5.027.160 euros e recolle a reedición do convenio co Fondo Galego de Cooperación para impulsar a realización por parte das entidades locais de actividades de sensibilización dirixidas á súa veciñanza, por unha contía igual ao ano anterior.



Vacacións con Traballo compartidas coa rapazada

Vacacións con Traballo non é só un programa de cooperación técnica no que persoal das administracións locais socias do Fondo Galego achegan o seu asesoramento en países do Sur, senón que tamén permite **coñecer outras realidades e sensibilizar sobre elas**. Así o fixo ao regresar de Mozambique Uxía Cespón, educadora social do **Concello de Rianxo**, que compartiu a súa experiencia africana coa rapazada dos colexios Castelao e Brea Segade. A técnica municipal, que colaborou durante un mes co municipio de Mandlakaze en materia de igualdade de xénero, **amosou lles xoguetes, instrumentos e as vistosas teas** que chaman “capulanas”. Tamén lles falou das persoas que coñeceu alí, da fermosa paisaxe, o clima ou os animais. Tivo que respostar ademais ás sucesivas preguntas das e dos estudantes, que falaban por vez primeira con alguén que estivera en África. As impresións do voluntariado das Vacacións con Traballo recóllense no blog <https://vacacionscontraballo.wordpress.com>.





Reflexión sobre as fronteiras en dez concellos

Centos de rapazas e rapaces galegos reflexionaron sobre as fronteiras e a situación das persoas refuxiadas a través do espectáculo teatral 'O valo', creado por Pallasos en Rebeldía para o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A peza percorreu unha decena de concellos socios para **evitar o esquecemento das guerras e da xente que delas foxen**, ao tempo que se convida a transformar a realidade pensando un mundo diferente. **Poio, Laxe, Redondela, San Sadurniño, Ames, A Guarda, Caldas, Ourense, Cabanas e A Coruña** acolleron a representación, baseada no texto homónimo que lle valeu a Carlos Labraña o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. A proposta representa o encontro entre unha nena que escapa da guerra e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles. A obra está escrita en homenaxe aos millóns de sirias e sirios que houberon de abandonar o seu país, para que as súas vidas constitúan o xerme da **loita contra os valados que separan os seres humanos**.



Éxito de 'Contamos todas' arredor do 25N

Baixo o título 'Contamos todas', a Tropa de Trapo e o Fondo Galego puñeron en marcha en 2017 un novo espectáculo que sensibilizou sobre a equidade de xénero en **Xove, Silleda, Tomiño, Lousame, Monforte, O Barco, Burela, Valga, Carballo e Malpica**. A compañía compostelá mestura historias contadas con música en directo e obradoiros participativos nunha proposta que tivo especial difusión no mes de novembro, xa que o día 25 se conmemoraba o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Centradas na desigualdade e na violencia de xénero, as sesións abríanse cos contos 'As mulleres de Torneiros' e 'Liberia', exemplos de vida de mulleres que se enfrontaron a diversas situacións. Historias para pensar, casos de empoderamento, rebeldía e superación. A actividade levaba aparellado un obradoiro no que se contou coa opinión do alumnado, para rematar representando as súas propias ideas mediante técnicas do Teatro da Oprimida.

* OS PROXECTOS EN TERREO: Pozos para eludir os ataques dos crocodilos en Mozambique

Achegarse ao río para recoller auga constitúe unha práctica de risco para as comunidades que viven á beira do Zambeze, en Mozambique, xa que se expoñen aos ataques de animais salvaxes, como hipopótamos e crocodilos, que están a causar mortes e graves feridas sobre todo ás mulleres, habitualmente encargadas de encher os bidóns e lavar a roupa. Así acontece no barrio de Mutarara Velha, no municipio de Nhamayábue, ao que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade decidiu apoiar coa construción de **catro pozos que garantan un acceso seguro á auga potable**, xa que en dous anos 26 persoas da aldea perderon a vida intentando abastecerse.

O fotoxornalista **Adrián Irago tivo a oportunidade de comprobalo** hai unhas semanas no propio lugar, a onde viaxou como gañador do certame Imaxes con Fondo para preparar unha exposición fotográfica. O reporteiro puido supervisar o correcto desenvolvemento do proxecto de cooperación internacional, ao



Fernando pasou 16 días hospitalizado polas trabaduras dun crocodilo. FOTO: Adrián Irago.

tempo que se entrevistou con responsables municipais, do comité de xestión da auga e mesmo vítimas dos ataques, que agora se prevé reducir nun 90%. Unha delas foi Fernando, que o mes pasado estivo **16 días no hospital polas trabaduras** dun crocodilo na perna e na man. “Estiven a piques de morrer”, asegura, aínda que continúa indo ao río. “Non teño outro sitio onde coller auga para cociñar, beber e alimentar ao meu boi, que é o único que

teño”, conta diante da modesta cabana feita de ramas na que convive co animal.

Estímase que un 80% dos algo máis de 3.000 habitantes de Mutarara Velha, como Fernando, se beneficiarán do abastecemento de auga a través das bombas solares instaladas nos novos pozos, minguando así a incidencia de doenzas como a **diarrea, causa de mortalidade sobre todo entre nenos e nenas**. Ao tempo,



reducirase considerablemente a distancia que as mulleres teñen que percorrer cargando as garrafas, de xeito que poderán dedicar o seu tempo a outras actividades. Elas son as que habitualmente se xogan a vida adentrándose na beira do río, cos seus bebés ás costas e na compañía das fillas pequenas, normalmente en grupo para que unhas vixien mentres outras

fregan os pratos ou recollen a auga. Elas serán tamén quen integren os comités de xestión para manter e supervisar o funcionamento dos pozos, que as afastarán ata 400 metros do perigo, para o que recibirán unha formación básica.

O Fondo Galego cofinanciará con 25.971

euros este proxecto, orzamentado nun total de 26.271 euros, que sen dúbida terá un impacto positivo na mellora da calidade de vida en Mutarara Velha, especialmente no eido da saúde. Os dezaseis anos de guerra civil arruinaron o pequeno sistema de subministro de auga co que contaba o barrio, onde só existen dous pozos que quedan baleiros na época da seca e onde ademais non hai enerxía eléctrica, circunstancias que tamén frean o desenvolvemento. A agricultura de subsistencia e a pesca son as principais actividades económicas na vila, ubicada na rexión central do país africano.

Un dos países máis pobres

Mozambique ten experimentado un crecemento considerable desde o Acordo de Paz asinado en 1992, mais o seu Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) segue a ser un dos máis baixos do planeta, ao ocupar o posto 181 entre os 188 contemplados. **A pobreza atinxe ao 55% da poboación**, especialmente as mulleres, mentres que a esperanza de vida se sitúa nos 57 anos. O Fondo Galego está a apoiar diversas iniciativas locais que loitan por reverter a situación, como é o caso do proxecto coa Fudação Encontro para previr doenzas e adiccións na mocidade a través do deporte. As actuais liñas estratéxicas da entidade apostan por acentuar a colaboración cos países lusófonos, especialmente os da África máis empobrecida.



As mulleres recollen a auga cos bebés ás costas mentres outras compañeiras vixian. FOTO: Adrián Irago.





INFÓRMATE a FONDO

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Redacción e Administración: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40
36003 Pontevedra
Tel/Fax: 986 84 34 36 / 698 14 45 36
Internet: <http://www.fondogalego.org> email: info@igadi.org
Depósito Legal: VG-473-2007
Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

SOCIOS DO FONDO GALEGO Concellos: A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pastoriza, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Alfoz, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Barro, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Fene, Ferrol, Gondomar, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Miño, Moaña, Moeche, Mondoñedo, Monfero, Monforte, Moraña, Mugar dos, Narón, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixe, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, San Sadurniño, Sarria, Silleda, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereia, Verín, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilasantar, Viveiro, Xove
Deputacións: A Coruña, Lugo, Pontevedra.

